

CIRCULAR PROBA DE INGLÉS PAU 2024-25

Prezadas compañeiras e prezados compañeiros:

Na PAU de 2025, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, polo Real Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e polo Real Decreto 534/2024, de 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de acceso.

Coa presente circular queremos informar de que o exame para as probas de inglés (**código 11 e código 63**) na PAU do curso 2024/25 será un exame **sen opcionalidade (agás a que se especifica no seguinte parágrafo) e sen proba auditiva**. Deste xeito, o exame constará de catro preguntas cun valor de 2,5 puntos por pregunta. Cada pregunta poderá conter máis dun subapartado (caso das preguntas 1. e 2. no Modelo de exame). O alumnado deberá responder todas as preguntas cos seus correspondentes subapartados, coa excepción da derradeira pregunta (Proba escrita, pregunta 4. no Modelo de exame), onde se proporcionarán dúas opcións de escrita das que o alumnado terá que escoller unha. Como apuntamento práctico final, no Modelo de exame que se achega, as opcións de resposta ofrecidas non exclúen outras que tamén poidan ser axeitadas. Neste sentido, é importante ter en conta que o alumnado só terá que proporcionar unha resposta para cada apartado de cada pregunta formulada e que se para un apartado o alumnado facilita máis dunha resposta, a nota obtida no mesmo será de cero.

1. COMPRENSIÓN DE TEXTO ESCRITO e VOCABULARIO. (2,5 puntos)

1.1. Indicate whether the following statements are True, False or the information is Not Given in the text (T/F/NG). In true and false cases, copy the part of the text which justifies your answer. (1.5 points)

Esta pregunta pretende comprobar a comprensión lectora por parte do alumnado, fixando a atención en cuestións concretas do texto. A pregunta constará de varios apartados onde o alumnado terá que dilucidar se a información proporcionada en cada apartado é **verdadeira (T)**, **falsa (F)** ou **non se facilita no texto (NG)**. Canto á puntuación, o alumnado terá que ter en conta tres cuestións fundamentais:

- a) Se non se indica “True” (T), “False” (F) ou “Not Given” (NG)— indicacións que terán que figurar sempre en inglés—, a puntuación será de cero.
- b) De ser verdadeira (T) ou falsa (F) a información proporcionada, o alumnado deberá xustificar a súa resposta escribindo a parte concreta do texto que a xustifica—preferiblemente, reproducindo a parte en cuestión tal e como figura no texto. Se non se xustifican as respostas verdadeiras e falsas, a puntuación será de cero.
- c) Se a información non se facilita no texto (isto é, se a resposta é “Not Given”, NG), será necesario que o alumnado non escriba máis nada; de facelo, a puntuación será de cero.

1.2. Find a synonym for each of the following words. (1 point)

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade de comprensión do significado de certas palabras ou expresións no contexto en que se utilizan, así como a riqueza de vocabulario do alumnado. Constará de varias palabras ou frases para as que o alumnado terá que atopar un sinónimo (N.B.: o exame poderá solicitar sinónimos ou antónimos; da mesma maneira, poderanse solicitar sinónimos ou antónimos de palabras compostas ou de expresións idiomáticas, non só de palabras simples).

2. GRAMÁTICA E PRONUNCIA. (2,5 puntos)

2.1. Write a new sentence that has the same meaning as the given one. Use the word or expression in brackets. (1.5 points)

Esta pregunta constará de varios apartados. En cada un deles ofrecerase unha frase modelo e, entre parénteses, unha palabra ou frase que o alumnado terá que utilizar para realizar a transformación requirida. As frases utilizadas poderán pero non terán que estar extraídas do texto sobre o que versa a pregunta 1. Para acadar puntuación, o alumnado terá que

- a) construír unha frase ortograficamente, gramaticalmente e semanticamente correcta sen modificar o significado da frase modelo, e
- b) asegurarse de que a frase coa que responde sexa unha transformación da orixinal (isto é, non se dará por válido o feito de engadir a palabra proporcionada á oración orixinal sen efectuar ningún tipo de transformación ortograficamente, gramaticalmente e semanticamente correcta sobre a mesma).

As posibilidades de transformación serán diversas—dende unha conversión de dúas oracións simples nunha oración composta mediante a inserción dun elemento que as una de xeito gramatical e semanticamente correcto, sempre e cando a ortografía e os signos de puntuación sexan tamén correctos, ata unha reformulación que implique unha construción diferente á orixinal para permitir a inserción do elemento que se facilite entre parénteses.

Con esta pregunta preténdese medir a competencia lingüística do alumnado ligada ás distintas funcións comunicativas (formular hipóteses, dar explicacións, argumentar, preguntar, suxerir, etc.).

2.2. Answer the following questions about pronunciation. (1 point)

Esta pregunta pretende comprobar a capacidade do alumnado para identificar os sons da lingua inglesa. Búscase que o alumnado sexa capaz de identificar como se pronuncia unha determinada palabra ou unha parte dela (N.B.: Nesta pregunta non se requirirán transcripcións fonolóxicas nin fonéticas).

A pregunta constará de varios apartados onde o alumnado terá que **identificar a pronuncia** de certos morfemas que se atañen a regras regulares de pronuncia en lingua inglesa (e.g., pasado simple *-ed*, plural *-s/-es*, etc.), grafías diversas que se pronuncian do mesmo xeito (e.g., <gh> en “tough” e <f> en “false”), letras que non se pronuncian en certas palabras (e.g., <h> en “honest”, <u> en “buoy”), sílabas que levan o acento tónico (e.g. *-change* en “exchange”), etc.

A formulación das preguntas nos apartados poderá facerse de distintos xeitos, tal e como se amosa no Modelo de exame.

3. USE OF ENGLISH. (2,5 puntos)

In this text, fill in the gaps with the most suitable option from the four options given for each gap.

Nesta pregunta, que **constará dun só apartado**, avaliarase a capacidade do alumnado para usar a lingua de xeito preciso (a nivel léxico, ortográfico, gramatical, semántico e pragmático) nunha situación concreta.

A pregunta constará dun texto ou fragmento dun texto de lonxitude variable (sempre factible para o tempo de que o alumnado disporá no exame), que poderá ser de calquera tipo (entrevista, conversa telefónica, mensaxe de correo, artigo dun medio informativo, noticia, texto divulgativo, discurso, conferencia, etc.). O alumnado terá que completar o texto que se lle proporcione usando a palabra/s—substantivo simple ou composto, verbo simple ou frasal, preposición, adverbio, adxectivo, expresión idiomática, etc.—que máis acaídas resulten no contexto en que aparecen, tanto dende o punto de vista semántico como tamén pragmático e de rexistro.

As preguntas poderán ser de diversa natureza (encher ocios, escolla múltiple de entre varias opcións, etc.).

Cabe observar que a pregunta que figura no Modelo de exame é un exemplo orientativo, que non implica que o exame vaia conter un texto do mesmo tipo e lonxitude.

4. PRODUCCIÓN ESCRITA. (2,5 puntos)

Esta pregunta constará á súa vez de dúas preguntas que se corresponderán con dous xéneros diferentes de escrita. O alumnado **só terá que contestar unha** aténdose á extensión requirida de **120 palabras**. A pregunta pretende avaliar a destreza comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita, así como a súa capacidade de síntese. Valoraranse os seguintes parámetros:

- Contido e extensión: O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. O obxectivo e a extensión da tarefa son os requiridos. Non se repiten ideas. Demóstrase madurez e autonomía comunicativas. (0,6 puntos)
- Riqueza e control do vocabulario. Preséntase un uso flexible e correcto dun léxico rico e variado axeitado para o tema proposto segundo o nivel requirido. (0,6 puntos)
- Corrección gramatical, ortografía e puntuación: O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos (e.g., omisión do suxeito nunha oración nin imperativa, omisión da *-s* da 3ª persoa do singular do presente simple, uso de adxectivos en plural, uso incorrecto dos adxectivos posesivos e demostrativos, non dominio dos tempos verbais, etc.). Non hai ou hai poucos erros ortográficos e empréganse correctamente os signos de puntuación. (0,7 puntos)
- Cohesión e coherencia: O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión. Ademais, é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado, con introdución, corpo e conclusión. (0,6 puntos)

Nota: Se o contido da composición non se adecúa ao tema requirido a puntuación da pregunta será de cero puntos.

En resumo, o presente modelo de exame pretende que todo o alumnado teña que responder as preguntas 1. e 2. (con dous subapartados cada unha), a pregunta 3. (sen subapartados) e só unha pregunta de produción escrita das dúas que se formulan na pregunta 4.

Desexámosvos un moi bo curso.

Saúdos cordiais,

Grupo de Traballo de Inglés.

17 de setembro de 2024